

OS INSTRUMENTOS E AS SÚAS FAMILIAS

A orixe dos instrumentos moitas veces é descoñecida e outras está envolta en lendas.

Os primeiros instrumentos foron de **percusión** e xurdiron do propio corpo, como dar palmas ou patadas. Despois, o ser humano empezou a golpear pedras ou paus para producir diferentes sons.

Máis adiante, descubriu que soprando canas ou cornos de animais imitaba o son do **vento**.

Por último, creou os instrumentos de **corda** premendo as cordas dos seus arcs de caza.

PERCUSIÓN

Nos instrumentos de percusión, o son prodúcese ao golpear, axitar ou rasgar o instrumento coa man ou cunha baqueta.



VENTO

Nos instrumentos de vento, o son prodúcese ao soprar e facer vibrar o aire no interior dun tubo. Algúns están feitos de madeira e outros de metal.



CORDA

Nos instrumentos de corda, o son prodúcese ao facer vibrar as cordas beliscándoas, golpeándoas ou fretándoas cun arco.

